

## BATALLÓN LITERARIO DA COSTA DA MORTE: LETRA VIVA

Situada xeograficamente no extremo máis occidental da provincia da Coruña, a Costa da Morte abrangue parte das comarcas de Bergantiños, Soneira, Xallas e Fisterra todas elas caracterizadas por unha paisaxe esgrevia e, sobre todo, pola alta perigosidade dos seus fondos mariños que teñen provocado moitos afundimentos, algúns de especial recordo na memoria colectiva dos seus habitantes -como foi o do "Casón"-, outros de anónima lembranza nas pequenas cruces que poboan o seu litoral. Mais a Costa da Morte tamén é célebre por ser berce de escritores de tanto renome como Eduardo Pondal, Gonzalo López Abente, Henrique Labarta Pose, Antón Zapata García ou Xervasio Paz Lestón, entre outros. E de mostras paraliterarias tan orixinais como as regueifas, exemplo de poesía satírica oral rimada e musicada no instante mesmo da súa enunciación.

O carácter literario da Costa da Morte segue hoxe vivo no labor, calado e por veces descoñecido, de pequenos grupos e asociacións que desenvolven unha actividade cultural relacionada, en maior ou menor medida, co feito poético. Entre os máis contemporáneos debemos salientar o esforzo de "Un medio" de Cee, "Blas Espín" da Ponte do Porto, "Arre Sentelha!" de Vimianzo e, sobre todo, do "Batallón Literario da Costa da Morte".

Actualmente xa esmorecido, o grupo "Un medio" créase en 1986 ó abeiro da Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade de Cee e, sobre todo, do grupo de teatro Talía que actúa de catalizador e punto de contacto para os autores. Buscar un medio de darse a coñecer como poetas foi o obxectivo básico que moveu a Miro e Rafa Villar, Artur Trillo, Xosé María Costa ou Estevo, Humberto e David Creus a unirse, daí tamén o nome do grupo. A súa actividade non pasou de dous cartapacios colectivos e algúns recitais poéticos pola comarca antes de disolverse no ano 1990 unha vez cumprido o seu obxectivo e malia posteriores intentos de revitalización.

Pola súa parte, "Blas Espín" xorde en 1992 dentro da Asociación Xuvenil PX da Ponte do Porto para englobar a 15 poetas novos -entre eles, Rafael e Xosé Manuel Lema, Arturo Regueiro, Xandra Tedín, Abel Méndes Bujeiro e Xaime Trillo, os tres últimos moi pronto desvencellados do grupo- baixo o nome dun célebre prateiro barroco oriundo deste lugar. As actividades máis salientables de "Blas Espín" oriéntanse cara ós recitais poéticos, a publicación dunha gaceta literaria semestral, a posta en marcha dunha pequena editora co seu mesmo nome e a convocatoria de dous premios anuais de poesía ("Blas Espín" e "Vir Fluvius"). Os membros do colectivo confésanse devotos do romantismo inglés e alemán, mesturado con moito intimismo e con sentimentos nacionalistas focalizados na Costa da Morte.

No 1995 algúns xoves da comarca de Soneira, con capital na vila de Vimianzo, ven a necesidade de sacar adiante unha publicación alternativa e así fundan a Asociación Cultural "Arre Sentelha!" co seu boletín *Expresso-m*. Desde 1996 a súa tarefa máis coñecida é a celebración anual dun Macrorecital poético que, no marco das medievais Torres de Martelo soneirás, adoita reunir un altísimo número de autores que oscila entre os arredor de corenta das dúas primeiras convocatorias (1996 e 1997) e os máis de vinte que se xuntaron na III (3 de xaneiro de 1998). Para alén do que

significa esta enorme participación nun acto semellante, "Arre Sentelha!" representa o xerme do Batallón Literario xa que foi na primeira convocatoria do seu Macrorecital cando se tomou consciencia clara da necesidade de unificar esforzos a prol dunha causa común.

O "Batallón Literario da Costa da Morte" xorde no 1996, pois, para recoller *augas* destes ríos -sen que isto signifique o esmorecemento de Blas Espín ou Arre-Sentelha!- e integrando tamén autores que non se inscribían en ningunha destas agrupacións. Inspirado no "Batallón Literario de Santiago", corpo armado universitario composto unicamente por literatos que Víctor M<sup>a</sup> Silva e Gutiérrez e Juan Pérez Villaronte organizan no 1808 para loitar contra a invasión francesa<sup>1</sup>, o "Batallón Literario da Costa da Morte" sustenta unha nómina de autores que medra de día en día aproximándose xa ós corenta. Entre eles predominan, case de xeito absoluto, os poetas pero non faltan narradoras de prestixio e autores que cultiven distintas formas de escrita. Unha das características relevantes dos seus compoñentes é a súa xuventude, nalgúns casos extrema en membros que aínda conservan apegadas á pel as ás da infancia. E non se entenda isto como unha afirmación metafórica senón como unha realidade pois a poeta máis nova do Batallón ten arredor dos sete anos.

Deixarmos constancia detallada da inmensa nómina de recitais poéticos que teñen ofrecido por todo o país en escenarios e eventos de índole diversa (festas de carrilanas, gastronómicas, Congresos ou Xornadas de Literatura, etc.) sería tarefa de titáns. Baste sinalar que no ano 1997 foron arredor duns 50 os recitais organizados (un por semana) e que a finais do ano 1997 representaron a Galicia no Encontro Iberoamericano de Cultura que tivo lugar en Holguín (Cuba) adicado desta volta a Venezuela e Galicia. Editan ademais unha folla voandeira, *Feros Corvos* -nome tomado dun verso pondaliano-, de periodicidade estacional e que envían gratuitamente a quen a solicitar<sup>2</sup>. Esta folla, así como calquera información sobre o Batallón, pódese consultar na páxina que teñen en Internet.

Anualmente celebran un Encontro de Escritores e Escritoras da Costa da Morte que xa viu dúas edicións e rota, no seu lugar de celebración, entre os diferentes concellos da Costa da Morte (Cee en 1996, Corcubión en 1997). Foi precisamente durante o II Encontro cando se presentou o volume colectivo *Nós* que recolle, en fermoso formato promovido e subvencionado polo Concello de Corcubión, textos e poemas de 34 membros do colectivo.

O primeiro presidente do Batallón foi Miro Villar, un dos autores máis veteranos da comarca tanto na escrita -con tres poemarios xa publicados e un cuarto galardonado co Accésit do premio Esquíu de 1997- como na dinamización cultural. Ó seu carón, Rafa Villar tamén desenvolve unha intensa actividade poética -a finais do

---

<sup>1</sup> Para máis información sobre o "Batallón Literario de Santiago" véxase ESTEBAN LAGUARDIA, Luís, "La pluma y la espada. El Batallón Literario de Santiago", *Esculca (Boletín Semestral del Centro Cultural Escala)*, A Coruña, nº 3, 1997, pp. 18-20.

<sup>2</sup> Para recibir *Feros Corvos* hai que dirixirse a algún dos seguintes enderezos: Grupo Cabo Fisterra, 10, FISTERRA ou Cerbán, 11, CASTRELO-VIMIANZO enviando un selo de correos polo importe habitual.

1997 publicou o seu sexto poemario galardonado co I premio "Cómaros Verdes" do Concello de Vilagarcía- e cultural que o vencella a diferentes proxectos editoriais como as Edicións do Dragón ou Letras de Cal. Máis recentemente, déronse a coñecer outros membros do grupo como Estevo Creus gañador do Premio Miguel González Garcés no 1996 ou Modesto Fraga que vén de acadar varios premios menos coñecidos como O Grelo ou o Avelina Valladares.

Outras voces poéticas van entrando paseniño no espacio editorial. Así acontece cos cinco autores que unen os seus versos no volume colectivo *De mar e vento (cinco poetas de Fisterra)*. Son Alexandre Nerium (o actual presidente do Batallón), Modesto Fraga Moure, Mónica Góñez Silva, Xoán Alberte Moure Ínsua e Roberto X. Traba Velay. A eles hai que engadir a figura de María Lado que publicou o seu primeiro libro no ano 1997. Mais non todos os compoñentes do Batallón son poetas. Así, no apartado de narrativa, cómpre salientar a presenza de Concha Blanco -autora de obras infantís e xuvenís-, a da novelista e traductora Marilar Aleixandre e a de María Canosa que, desde a rotundidade da súa xuventude, se achega á escrita con relatos e algún conto para nenos. Mais falar de membros destacados do Batallón Literario da Costa da Morte é esquecer obrigatoriamente a xentes máis anónimas que se van creando un lugar en círculos reducidos, en revistas pequenas, pero que traballan sen treguas no afán por manter ben viva a literatura nesta zona do noso territorio.

TERESA SEARA

*A Freita*, 12, outubro 1998, pp. 59-61